

## PRESENTACIÓN

Na actualidade, cando falamos de marxinalización ou de exclusión social, concepto este último que emana do ámbito da socioloxía na década dos anos oitenta da pasada centuria, ademais de contemplar as causas e os efectos da pobreza estamos a nos referir aos procesos e mecanismos polos que persoas, colectivos ou territorios quedan ao marxe da participación na vida económica e social, de acordo coa definición que se recolle no Informe sobre a pobreza e exclusión en España, publicado polo Consejo Económico y Social en 1997.

Por tanto, aínda que coincidimos con J.P. Gutton cando afirma que a historia da pobreza ademais do estudo dos medios pobres é tamén *l'histoire d'un partage, d'une séparation*<sup>1</sup>, é necesario matizar entre os conceptos de pobreza e marxinação, pois como a realidade nos demostra, non todos os empobrecidos son marxinaados nin todos os marxinaados son empobrecidos.

A complexa realidade da pobreza, o seu carácter multifacético, fixo que os diferentes teóricos sociais (historiadores, sociólogos, xeógrafos, economistas...) intentasen sistematizala establecendo diferentes graos de pobreza e diversas categorías de empobrecidos. Unha das tipoloxías máis aceptadas e difundidas é aquela que distingue entre a pobreza conxuntural, temporal, ocasionada por procesos de empobrecemento de orixe social ou persoal, tales como as crises socioeconómicas co conseguinte desmantelamento do mercado laboral, a enfermidade ou o incremento dos membros da familia entroutros, e a pobreza estrutural, permanente, da que forman parte os empobrecidos –de solemnidade e vergoñantes–, os mendigos, ambos os dous adaptados á sociedade, e os colectivos ao marxe de toda referencia social, nos que se atoparon secularmente os erran-

---

1 GUTTON, J.P. (1971): *La société et les pauvres. L'exemple de la généralité de Lyon, 1534-1789*. París, Les Belles Lettres.

tes, ociosos e viciosos vagabundos –no senso amplo do término– e as mulleres prostituídas, unha pobreza clásica, persistente, hereditaria e, por conseguinte, endémica. Para os primeiros, que cumpren cos seus deberes sociais e acatan as normas de moral e conductas establecidas, a sociedade no seu conxunto ou as autoridades civís deseñarán fórmulas de caridade e asistencia, que variarán en consonancia coas mentalidades e os diferentes momentos históricos. Porén, para os excluídos será a *represión a principal medicina ensaiada na súa recondución, casi sempre forzada, cara a senda do interese xeral*<sup>2</sup>.

A pesar de que no Antigo Réxime a pobreza era unha realidade cotiá, profundamente imbricada no seu sistema socioeconómico, a historia social a partir dos anos setenta da pasada centuria ademais de restituír o protagonismo dos marxinaos e excluídos demostrou que *a formación do mundo moderno e a transición do feudalismo ao capitalismo tivera os seus custes sociais en forma de pauperización e políticas represivas de control da poboación marxinal*<sup>3</sup>, lonxe de ser un fenómeno inevitable e consubstancial coas economías preindustriais do momento<sup>4</sup>. Ademais, a escala territorial, I. Wallerstein<sup>5</sup> demostrou como o centro de gravidade da economía mundo deslocouse nestes momentos desde o Mediterráneo ao Mar do Norte, entanto que os países do sur de Europa pasan a ocupar unha posición subsidiaria e as colonias españolas e portuguesas se integran no novo sistema desde unha posición periférica.

Coa Revolución Industrial emerxe unha nova clase de desfavorecidos no tecido social: os traballadores das fábricas. Proletario e empobrecido acaban por converterse en sinónimos entre os teóricos sociais do momento, independentemente dos seus posicionamentos ideolóxicos.

Marx e Engels explican o empobrecemento en relación coa lóxica de produción e acumulación capitalista: a explotación do traballo polo capital era a causante do proceso

*ciais de toda índole, áchanse sometidas ao poder duns poucos, ata o punto de que un número sumamente reducido de opulentos e adañeirados impuxo pouco menos que o xugo da escravitude a unha moitedume infinita de proletarios*<sup>6</sup>. Porén, e a pesar dos principios igualitaristas que presiden os postulados marxistas, Engels e Marx, manteñen a vella distinción entre os empobrecidos integrados e os excluídos ao distinguir entre o proletariado e o lumpenproletariado, *vagabundos, delincuentes, prostitutas*<sup>7</sup>, o proletariado en farrapos, zalapastrán, como o define no Manifesto Comunista, *esa putrefacción pasiva das capas máis baixas da vella sociedade*.

Na escala planetaria, entanto que o centro capitalista atópase agora na Grande Bretaña, o desenvolvemento do imperialismo fai que se incorporen novos territorios africanos, asiáticos e de Oceanía como espazos periféricos ao sistema mundo. As relacións comerciais, principal vehículo de integración económica entre as metrópoles e as colonias, atéñense ao modelo clásico de intercambios desiguais definidos por A. Emmanuel<sup>8</sup>, cuxa consecuencia será a xénese dos espazos subdesenvolvidos, e dicir, produto (sub) do desenvolvemento<sup>9</sup>.

Nos inicios do século XX comeza unha nova fase na evolución do capitalismo, o capitalismo monopolista ou fordista acotado polo Estado, onde se trataron de corraxir os excesos do mercado e atemperar a súa violencia<sup>10</sup>. O intervencionismo dos poderes públicos en materia social, se ben comezaron coa Lexislación Social de Bismack nos anos oitenta do século XIX, foi despois do remate da segunda guerra mundial coa aplicación conxunta das teorías económicas de Keynes e as sociais de Beveridge as que deron lugar aos estados do benestar, encargados de protexer o traballador desde o berce ata a tumba. *Ao aplicar os instrumentos de cobertura social a un número cada vez maior de cidadáns, e a unha variedade de riscos e desgracias, o Estado do benestar moderno desenvolveu decisivamente na sociedade a capacidade de tratar a tódolos seu membros de maneira igualitaria. Porén, fíxoo, non tanto distribuíndo a riqueza, senón máis ben os custos do risco e o infortunio*<sup>11</sup>.

Aínda que o progreso social foi unha constante nos países capitalistas e tamén nos socialistas, os procesos políticos da descolonización e o enfrontamento entre os bloques no mundo enriquecido fixeron que estas áreas periféricas entrasen, vía o neocolonialismo, nos intereses económicos e estratéxicos do mundo enriquecido. Nun marco dunha relación de dependencia consolidaron o seu papel complementario de abastecedores de materias primas, indispensable para manter o desenvolvemento económico das potencias

6 LEÓN XIII (1890): *Rerum Novarum*. En: *Doctrina Pontificia* (1964). Madrid, Bac, pp. 247-300.

7 MARX, K. (1974): *El Capital*. Madrid, Castellote.

8 EMMANUEL, A (1974): *El intercambio desigual*. Buenos Aires, S. XXI.

9 SAMPEDRO, J. L. e BERZOSA, C (1996): *Conciencia del subdesarrollo veinticinco años después*. Madrid, Taurus.

10 ESTEFANIA, J. (1998): *La nueva economía. La Globalización*. Barcelona, Círculo de Lectores.

11 MONTAGUT, M. (2000): *Política Social*. Barcelona, Ariel.

dominantes, potencias que exportan xunto coas manufacturas tecnoloxía, ideoloxía, cultura e sistema de valores, mellor dito, de contravalores.

A chegada do capitalismo global nos anos oitenta da pasada centuria, presidida pola hexemonía económica e política dos Estados Unidos, e os cambios na división internacional do traballo, que permitiron procesos de industrialización en países periféricos a expensas dun capitalismo salvaxe e dun intervencionismo proteccionista estatal –o coñecido caso dos tigres asiáticos– que contradí os principios monetaristas en boga, unido aos procesos de desindustrialización que se están a operar nos vellos países industriais e as políticas de axuste aplicadas neles a diferentes escalas, están a xerar un incremento da asimetría distributiva entre o Norte e o Sur e a polarización da riqueza tanto nas sociedades enriquecidas como nas empobrecidas, acentuando as diferencias entre os dous segmentos extremos da poboación. A nova era do capitalismo global requebrou en certo modo a dicotomía clásica entre pobreza e riqueza aplicada respectivamente ás mal chamadas áreas subdesenvolvidas e desenvolvidas, pois está xerando a acumulación de fortunas no Terceiro Mundo e unha crecente pauperización nos países industrializados polo xurdimento das novas pobrezas e a exclusión social. Un novo proceso polo que individuos ou grupos son apartados dos mecanismos de acceso ao sistema produtivo. A marxinação é unha característica e, tamén, un síntoma da enfermidade estrutural das sociedades postmodernas, unha fractura social de consecuencias imprevisibles para as futuras xeracións.

Na actualidade, nas sociedades duais (explotados e explotadores) ou dos dous tercios do mundo enriquecido (grupo dominante, clases medias e empobrecidos) os procesos de empobrecemento e de exclusión social polarízanse fundamentalmente nos non produtivos: os desempregados e os afectados pola precariedade laboral; as tradicionais minorías étnicas e os inmigrantes procedentes do Sur, afectados por problemas de aculturación; os xubilados, incluso algúns autores falan do apartheid dos vellos; os enfermos e discapacitados; e as mulleres, de feito fálase do proceso de feminización da pobreza, incluso con connotacións negativas ao amparo da teoría da subclase ou da *underclass*<sup>12</sup>. A marxinação da muller, as cuestións de xénero, máis propio sería falar de sexo, e a importancia do pensamento feminista recomenda un tratamento máis individualizado e, de feito, un dos próximos números de *Sémata* que xa está programado e aprobado vai incidir sobre esta cuestión. Talvez no futuro, tamén sería interesante dedicar un volume desta colección a reflexionar sobre o sistema mundo en xeral e ao ambiguo papel que tivo e ten Galicia nese contexto en particular.

Nesta aldea global na que vivimos e na que se afonda cada vez máis o foxo que separa aos que teñen dos que non teñen, nun mundo no que o 20% da poboación cataliza casi o 90% dos bens, non se pode esperar un futuro de paz e prosperidade. O compartir convertiuse nun imperativo ético para que todos poidamos participar das riquezas do pla-

12 Véase: MONREAL, P. (1996): *Antropología y pobreza urbana*. Madrid, Catarata.

netá. A xenerosidade e a xustiza non son só unha virtude, senón unha esixencia de equilibrio planetario<sup>13</sup>. O noso compromiso social, *homo sum, nihil humani a me alienum puto* como afirmaba Terencio, obríganos a esixir unha xustiza máis radical, no só distributiva, que sexa capaz de transformar as estruturas e as persoas. E dicir, unha xustiza social que teña como ideal utópico a igualdade; que sexa crítica, que non identifique o legal co xusto, para que non xustifique e apoie inxustizas estruturais; que sexa dinámica, que reivindique unha orde mundial non existente aínda e que recoñeza os dereitos de aqueles a quen sempre lle foron negados. Non só podemos outorgar aquilo ao que cada quen ten dereito segundo as leis establecidas senón que debemos conceder a cada un aquilo que necesite para realizarse dignamente como persoa<sup>14</sup>.

Neste número de *Sémata* dedicado á marxinação e á exclusión social, como xa ten acontecido noutras ocasións, a flexibilidade dos seus responsables e unha ben entendida universalidade da Universidade permite que poidamos enriquecer os contidos en base á interdisciplinaridade e á multipolaridade. A primeira serve para xustificar que exclusión e marxinalidade pode e debe ser analizada desde diversas disciplinas. Desta maneira, neste número encontramos artigos que proceden de campos científicos tan variados como a xeografía, a medicina, a historia da arte, a economía ou a psicoloxía. Ao mesmo tempo os ámbitos territoriais superan con moito os límites da nosa Comunidade Autónoma<sup>15</sup> e chegan ata Baleares, Portugal ou Brasil. Confiamos en que esta pluralidade sirva para enriquecer os argumentos sobre os que se basea este monográfico.

Por último temos que facer alusión, aínda que sexa brevemente aos diferentes artigos que conforman este volume. Fixemos unha clasificación en función da raíz da exclusión e marxinação só por cuestións prácticas porque entendemos que dificilmente se poden establecer taxonomías sobre realidades sociais que teñen consecuencias tan graves sobre as persoas que as padecen. Iso si, abrimos o volume cunhas reflexións do profesor Juan-Luis Pintos sobre os imaxinarios sociais nos procesos de construción social, neste caso atendendo aos códigos de inclusión-exclusión. Aínda que se eluden os estudos de casos, este artigo proporciona unha interesante e densa achega sobre a lectura da realidade e como se elaboran e crean esas perspectivas de inclusión e de exclusión social.

A pobreza, unha das causas clásicas para a marxinação e a exclusión, foi obxecto de estudo en varios artigos. José Manuel Vázquez Varela a partir das lendas das poboacións submerxidas por un castigo divino, analiza algúns aspectos da pobreza na cultura tradicional galega. Carlos Gradín, Coral del Río e Olga Cantó, da Universidade de Vigo,

13 MAYOR ZARAGOZA, F. (1999): *Los nudos gordianos*. Barcelona, Galaxia-Gutemberg.

14 GONZALEZ-CARBAJAL, L. (1991): *Con los pobres contra la pobreza*. Madrid, San Pablo.

15 Aínda que non posuímos unha monografía sobre o estudo da pobreza, marxinação e exclusión social na Galicia contemporánea, a bibliografía sobre estas temáticas é abundante e variada en resposta ao seu carácter multidimensional. Non obstante, pensamos que o traballo coordinado por Coral del Río e Santiago Lago: *Pobreza e inclusión social en Galicia*, publicado no 2002 polo IDEGA e a USC, constitúe un bo punto de partida, tanto pola metodoloxía como pola revisión bibliográfica, para afondar no estudo das novas pobrezaas no noso territorio.

fan un achegamento para a medición de desigualdade e da pobreza económica. Sendo conscientes da dificultade deste proceso, mesmo da súa definición, e de que non serven moitas das fórmulas tradicionais baseadas só no nivel de ingresos, aprofundan nunha cuestión que precisa ser visibilizada para sermos conscientes da súa gravidade e da necesidade de implementar medidas que poñan solución a un problema que afecta a todas as rexións do mundo. Francisco Torres e Juan Ojeda evolucionan desde a idea de pobreza ata a de exclusión social, presentando tres modelos de vulnerabilidade socio-territorial en Andalucía: un correspondente ao ámbito rural tradicionalmente máis deprimido, outro vinculado con áreas rurais dinámicas e, finalmente, exemplifican a marxinalidade e exclusión urbana.

Tamén no ámbito da pobreza podemos situar o traballo de Marcelino Andrade sobre os catadores de lixo no Brasil. Nun contexto social moi distinto do noso, o autor pon en evidencia como unha actividade marxinal que xera exclusión social, serve para situar a Brasil no contexto dos países cunha conciencia ambiental vinculada coa reciclaxe. Mais resulta de especial interese observar como se estrutura unha organización que procura uns dereitos e que loita por saír desa situación de exclusión.

A enfermidade foi historicamente outro motivo de exclusión e marxinalización e aínda hoxe mantéñense boa parte dos prexuízos cos doentes. A SIDA é talvez o exemplo recente máis paradigmático. Á súa incidencia en Galicia está dedicado o traballo de Jesús González Pérez da universidade das Illas Baleares. Pola súa parte Paula Cristina Remoaldo et al. aliás da SIDA introducen outras doenzas de transmisión sexual no seu traballo cos estudantes da Universidade do Minho; os resultados dos inquiritos son realmente preocupantes e deberían servir para reflexionarmos sobre a educación nestes temas. Finalmente, María del Socorro Pérez, desde unha perspectiva máis vinculada coa psicoloxía e o traballo social incorpora un artigo sobre unha enfermidade xenética, a síndrome de Down que, aínda con todas as diferencias que poidan existir coas outras antes citadas, mantén o denominador común da exclusión social.

Ana María Bermejo, introduce outro tipo de exclusión diferente ás tratadas ata o momento, son as drogas. Cunha visión desde a medicina a autora non pode evitar continuas referencias sociais a un tema en verdade contradictorio. Isto é así porque hai drogas legais e drogas ilegais, pero sobre todo porque con demasiada frecuencia son utilizadas como fórmulas de inclusión en redes sociais ou en ambientes de moda para logo seren xeradoras de procesos de exclusión, precisamente no momento no que se visibiliza a adicción (aínda que non sempre) e no que os danos producidos moitas veces xa non son reversibles.

Neste amplo percorrido polas exclusións non podemos deixar de esquecer aos inmigrantes que nestes momentos constitúen un grupo de poboación crecentemente importante en Galicia e que na medida que aumenta en volume tamén se acrecentan os seus problemas de integración. O artigo que presenta Victoria Sánchez Costa trae a referencia do traballo realizado desde a Cruz Vermella con persoas inmigrantes co obxectivo de lles

facilitar a súa incorporación ao mercado laboral. Por tanto, ao igual que a achega de Socorro Pérez, estamos ante experiencias desenvolvidas desde a sociedade e que buscan esa necesaria integración de quen está na exclusión e na marxinação.

As sexualidades son obxecto do máis numeroso grupo de artigos, e tamén do máis variado. Desde o ámbito das humanidades chegan os traballos de Alex Mene e Fátima Díez. O primeiro tráenos o complexo universo de Blanco Amor centrando a súa faceta de autor teatral e falando abertamente da súa homosexualidade, elemento clave na construción da súa obra e que frecuentemente é marxinado. Pola súa banda Fátima Díez submérxenos no mundo mitolóxico dos silenos e das ninfas e, por tanto, no de Dionisio. A través da análise da cerámica preséntanos un modelo de erotismo libre que non se corresponde co escenario ordenado e humano da polis. Serrana Rial sitúanos ante o problema da prostitución e a marxinação da muller na Galicia do Antigo Réxime, entanto que Alfredo Martín, aínda que analiza tamén os pobres e expósitos, contextualízalos na cidade de Ferrol a finais deste período. Herminia Penas e Manuel Fernández avanza no tempo e abordan esta temática no contexto do regulamentarismo (control hixiénico e represión da trata de brancas) imperante no primeiro terzo do século XX.

Entre os traballos de sexualidade cun contido máis socio-territorial citaremos a achega feita por António Dias Filho sobre o turismo sexual no Brasil. Este interesante traballo remítenos a unha das realidades máis duras dalgúns destinos turísticos do terceiro mundo onde a pobreza consentida polos países ricos é un campo para a explotación sexual de menores. É necesario facer, xa que logo, unha dobre lectura de marxinação, a da pobreza e da prostitución; sobre elas a hipocrisía dos países do Norte que utilizan unha e outra no seu propio beneficio.

Finalmente, José María Folgar e Rita Martín estudan o alcoholismo a partir de dúas producións cinematográficas galegas: *Condenados a beber/Alcoholismo en Galicia e Esperanza*.